Descargar un vídeo con Keepvid e inserilo en Notebook de SmartBoard

Keepvid é un servizo de descarga de vídeos que che permitirá descargar vídeos de Youtube, Google Vídeo, iFilm, Metacafe, etc. Para iso, o primeiro que tes que facer é copiar a URL do vídeo que desexas descargar, por exemplo, de Youtube.

Copiada a URL, accede aKeepvid e introduce a dirección e o nome do sitio no que viches o vídeo, neste caso Youtube.

Unha vez introducidos URL e sitio, pulsa **Download** e Keepvid proporcionarache un link para a descarga.

Pulsa en "**Download Link**" e aparecerá unha ventá na que deberás seleccionar a opción de **Gardar en disco**.



Despois de pulsar **Aceptar**, iniciarase a descarga do vídeo no escritorio (tardará máis ou menos segundo o seu tamaño do vídeo), ao finalizar a descarga deberás renomear o arquivo descargado engadíndolle a extensión **.flv** (Flash vídeo), o arquivo pasará de chamarse get_video a chamarse get_video.flv (podes tamén cambiar o nome e renomealo como aerogenerador.flv, como é o caso).

Unha vez descargado e renomeado o vídeo, inicia Notebook, accede ao menú **Inserir** e selecciona **Arquivo de vídeo Flash**.



Selecciona o arquivo que desexas inserir que se atopará no escritorio do teu ordenador, neste caso get_video.flv.

E xa está, xa finalizamos o proceso, unha vez co vídeo en Notebook poderás variar o seu tamaño, posición e mesmo o xirar.